

**1. Identificación da programación****Centro educativo**

| Código   | Centro        | Concello | Ano académico |
|----------|---------------|----------|---------------|
| 27020793 | Porta da Auga | Ribadeo  | 2016/2017     |

**Ciclo formativo**

| Código da familia profesional | Familia profesional                    | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo    | Grao                               | Réxime                |
|-------------------------------|----------------------------------------|---------------------------|--------------------|------------------------------------|-----------------------|
| SSC                           | Servizos socioculturais e á comunidade | CSSSC01                   | Educación infantil | Ciclos formativos de grao superior | Réxime de proba libre |

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

| Código MP/UF | Nome               | Curso     | Sesiós semanais | Horas anuais | Sesiós anuais |
|--------------|--------------------|-----------|-----------------|--------------|---------------|
| MP0020       | Primeiros auxilios | 2016/2017 | 0               | 53           | 0             |

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

|                                |                                                  |
|--------------------------------|--------------------------------------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | CÉSAR FRAGA OTERO, JAVIER CÉSAR ALDARIZ (Subst.) |
| Outro profesorado              |                                                  |

Estado: Pendente de supervisión inspector



## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultados de aprendizaxe do currículo                                                                                                                   |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| RA1 - Realiza a valoración inicial da asistencia nunha urxencia e describe os riscos, os recursos dispoñibles e o tipo de axuda necesaria.               |
| RA2 - Aplica e describe as técnicas de soporte vital básico en relación co obxectivo perseguido.                                                         |
| RA3 - Aplica procedementos de inmovilización e mobilización de vítimas, e selecciona os medios materiais e as técnicas.                                  |
| RA4 - Aplica técnicas de apoio psicolóxico e de autocontrol á persoa accidentada e ás acompañantes, e describe as estratexias de comunicación aplicadas. |

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

| Criterios de avaliación do currículo                                                                                                               |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CA1.1 Asegurouse a zona segundo o procedemento oportuno.                                                                                           |
| CA1.2 Identificáronse as técnicas de autoprotección na manipulación de persoas accidentadas.                                                       |
| CA1.3 Describiuse o contido mínimo dunha caixa de urxencias, así como as indicacións dos produtos e dos medicamentos.                              |
| CA1.4 Establecéronse as prioridades de actuación en múltiples vítimas.                                                                             |
| CA1.5 Describíronse os procedementos para verificar a permeabilidade das vías aéreas.                                                              |
| CA1.6 Identificáronse as condicións de funcionamento adecuadas da ventilación e da osixenación.                                                    |
| CA1.7 Describíronse e executáronse os procedementos de actuación en caso de hemorraxia.                                                            |
| CA1.8 Describíronse procedementos para comprobar o nivel de consciencia.                                                                           |
| CA1.10 Identificouse a secuencia de actuación segundo protocolo establecido polo comité de coordinación internacional sobre a reanimación (ILCOR). |
| CA2.1 Describíronse os fundamentos da reanimación cardiopulmonar.                                                                                  |
| CA2.6 Indicáronse as lesións, as patoloxías e os traumatismos máis frecuentes.                                                                     |
| CA2.7 Describiuse a valoración primaria e secundaria da persoa accidentada.                                                                        |
| CA2.8 Aplicáronse primeiros auxilios ante lesións por axentes físicos, químicos e biolóxicos.                                                      |
| CA2.9 Aplicáronse primeiros auxilios ante patoloxías orgánicas de urxencia.                                                                        |
| CA2.10 Especificáronse casos ou circunstancias en que non se deba intervir.                                                                        |
| CA3.2 Identificáronse os medios materiais de inmovilización e de mobilización.                                                                     |
| CA3.3 Caracterizáronse as medidas posturais ante unha persoa lesionada.                                                                            |
| CA3.4 Describíronse as repercusións dunha mobilización e dun traslado inadecuados.                                                                 |



| Criterios de avaliación do currículo                                                                                                                                         |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CA3.5 Confeccionáronse sistemas para a inmovilización e a mobilización de persoas doentes ou accidentadas con materiais convencionais e inespecíficos, ou medios de fortuna. |
| CA3.6 Aplicáronse normas e protocolos de seguridade e de autoprotección.                                                                                                     |
| CA4.1 Descríbense as estratexias básicas de comunicación coa persoa accidentada e coas acompañantes.                                                                         |
| CA4.2 Detectáronse as necesidades psicolóxicas da persoa accidentada.                                                                                                        |
| CA4.3 Aplicáronse técnicas básicas de soporte psicolóxico para mellorar o estado emocional da persoa accidentada.                                                            |
| CA4.4 Valorouse a importancia de lle infundir confianza e optimismo á persoa accidentada durante toda a actuación.                                                           |
| CA4.5 Identificáronse os factores que predispoñen á ansiedade nas situacións de accidente, emerxencia e dó.                                                                  |
| CA4.6 Especificáronse as técnicas para controlar unha situación de dó, ansiedade, angustia ou agresividade.                                                                  |
| CA4.7 Especificáronse as técnicas para superar psicolóxicamente o fracaso na prestación do auxilio.                                                                          |
| CA4.8 Valorouse a importancia do autocontrol ante situacións de estrés.                                                                                                      |

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultados de aprendizaxe do currículo                                                                                                                   |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| RA1 - Realiza a valoración inicial da asistencia nunha urxencia e describe os riscos, os recursos dispoñibles e o tipo de axuda necesaria.               |
| RA2 - Aplica e describe as técnicas de soporte vital básico en relación co obxectivo perseguido.                                                         |
| RA3 - Aplica procedementos de inmovilización e mobilización de vítimas, e selecciona os medios materiais e as técnicas.                                  |
| RA4 - Aplica técnicas de apoio psicolóxico e de autocontrol á persoa accidentada e ás acompañantes, e describe as estratexias de comunicación aplicadas. |

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

| Criterios de avaliación do currículo                                                                                                               |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CA1.1 Asegurouse a zona segundo o procedemento oportuno.                                                                                           |
| CA1.2 Identificáronse as técnicas de autoprotección na manipulación de persoas accidentadas.                                                       |
| CA1.5 Descríbense os procedementos para verificar a permeabilidade das vías aéreas.                                                                |
| CA1.7 Descríbense e executáronse os procedementos de actuación en caso de hemorragia.                                                              |
| CA1.8 Descríbense procedementos para comprobar o nivel de consciencia.                                                                             |
| CA1.9 Tomáronse as constantes vitais.                                                                                                              |
| CA1.10 Identificouse a secuencia de actuación segundo protocolo establecido polo comité de coordinación internacional sobre a reanimación (ILCOR). |



| Criterios de avaliación do currículo                                                                                                                                         |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CA2.1 Descríbóronse os fundamentos da reanimación cardiopulmonar.                                                                                                            |
| CA2.2 Aplicáronse técnicas de apertura da vía aérea.                                                                                                                         |
| CA2.3 Aplicáronse técnicas de soporte ventilatorio e circulatorio.                                                                                                           |
| CA2.4 Realizouse desfibrilación externa semiautomática (DEA).                                                                                                                |
| CA2.5 Aplicáronse medidas posreanimación.                                                                                                                                    |
| CA2.6 Indicáronse as lesións, as patoloxías e os traumatismos máis frecuentes.                                                                                               |
| CA2.7 Describiuse a valoración primaria e secundaria da persoa accidentada.                                                                                                  |
| CA3.1 Efectuáronse as manobras necesarias para acceder á vítima.                                                                                                             |
| CA3.2 Identificáronse os medios materiais de inmovilización e de mobilización.                                                                                               |
| CA3.3 Caracterizáronse as medidas posturais ante unha persoa lesionada.                                                                                                      |
| CA3.5 Confeccionáronse sistemas para a inmovilización e a mobilización de persoas doentes ou accidentadas con materiais convencionais e inespecíficos, ou medios de fortuna. |
| CA3.6 Aplicáronse normas e protocolos de seguridade e de autoprotección.                                                                                                     |
| CA4.3 Aplicáronse técnicas básicas de soporte psicolóxico para mellorar o estado emocional da persoa accidentada.                                                            |

### 3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

1. Consideráanse mínimos os establecidos no correspondente Decreto 330/2009 e que se relacionan de seguido:

BC1. Valoración inicial da asistencia en urxencia.

- Sistemas de emerxencias.
- Obxectivos e límites dos primeiros auxilios.
- Marco legal, responsabilidade e ética profesional.
- Tipos de accidentes e as súas consecuencias.
- Signos de compromiso vital en persoas adultas, en nenos e nenas, e en lactantes.
- Métodos e materiais de protección da zona.
- Medidas de autoprotección.
- Caixa de primeiros auxilios.
- Prioridades de actuación en múltiples vítimas. Métodos de triaxe simple.
- Signos e síntomas de urxencia.
- Valoración do nivel de consciencia.
- Toma de constantes vitais.
- Protocolos de exploración.
- Terminoloxía médico-sanitaria en primeiros auxilios.
- Protocolo de transmisión de información.

BC2. Aplicación de técnicas de soporte vital.

- Control da permeabilidade das vías aéreas.
- Reanimación cardiopulmonar básica.



- Desfibrilación externa semiautomática (DEA).
- Valoración da persoa accidentada.
- Atención inicial en lesións por axentes físicos (traumatismos, calor ou frío, electricidade e radiacións).
- Atención inicial en lesións por axentes químicos e biolóxicos.
- Atención inicial en patoloxía orgánica de urxencia.
- Actuación limitada ao marco das súas competencias.

BC3. Aplicación de procedementos de inmovilización y mobilización.

- Avaliación da necesidade de traslado.
- Posicións de seguridade e espera.
- Técnicas de inmovilización.
- Técnicas de mobilización.
- Confección de padiolas e materiais de inmovilización.

BC4. Aplicación de técnicas de apoio psicolóxico e autocontrol.

- Estratexias básicas de comunicación.
- Valoración do papel do primeiro interviniente.
- Técnicas facilitadoras de comunicación interpersonal.
- Factores que predispoñen á ansiedade en situacións de accidente ou emerxencia.

2. Os criterios de cualificación seguiranse os seguintes, tendo en conta o artigo 14, sobre avaliación e cualificación final das probas libres da ORDE do 5 de abril de 2013 :

- Proba teórica: terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita con variedade de preguntas tipo test e de resposta curta que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Esta primeira parte da proba cualificarase de 0 a 10 puntos. Para a súa superación deberase obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.
  - Proba práctica: versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Esta segunda parte da proba cualificarase de 0 a 10 puntos, tendo carácter eliminatorio. Para a súa superación deberase obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.
  - A cualificación final do módulo obterase pola media aritmética da cualificación acadada nas dúas probas. A puntuación anterior, cando o resultado non sexa un número enteiro, redondearase á puntuación enteira superior ou inferior máis próxima.
- No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

Características da proba:

- Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita de preguntas tipo test (de resposta única) e/ou preguntas con resposta aberta curtas, que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Será facilitada ó alumnado nun documento impreso que non poderá ser desgrapado nin incorporar ó mesmo documentos alleos ao proceso.
- No cuestionario tipo test engadiranse preguntas de reserva, no caso de que algunha das preguntas tivera que ser eliminada pasaranse a contabilizar estas. Cada resposta tipo test errónea restará a metade do valor dunha resposta test correcta.
- Esta primeira parte da proba cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.
- A duración da proba teórica será dun máximo de 2 horas.

Instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento:

- Bolígrafo de tinta indeleble (azul), non permitíndose o uso de correctores (goma de borrar, tippex, etc), nin de calculadora.



Finalizada esta primeira parte da proba, as comisións de avaliación exporán a puntuación obtida polas persoas aspirantes no taboleiro de anuncios do centro.

Normas:

- As preguntas catalogadas como reserva serán contestadas na mesma forma co resto de preguntas, en previsións de posibles anulacións.
- Deberase rodear a resposta correcta, e no caso de erro ó marcar unha casilla, poñerase unha cruz e rodearase novamente a correcta.

Senón fora o caso, a pregunta darase por fallida.

- Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar dispoñible enriba da mesa durante todo o exame.
- Non se permitirá o acceso a aula unha vez comezada a proba.
- Non se permitirá o uso de móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico.
- Queda prohibido sacar o exame da aula.

#### 4.b) Segunda parte da proba

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio.

Características da proba:

Resolución dunha práctica que consistirá na resolución de diversos casos prácticos relativos ao ámbito dos primeiros auxilios que permitirán evidenciar a consecución dos resultados de aprendizaxe expostos no currículo. O docente irá revisando in situ o desenvolvemento das tarefas, anotando nunha folla de rexistro o nivel de consecución de cada unha de elas, apoiando ao estudante na súa realización coas indicacións que precise.

A duración da proba práctica será dun máximo dunha hora.

Esta segunda parte da proba cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

Finalizada esta segunda parte da proba, as comisións de avaliación exporán as puntuacións obtidas no taboleiro de anuncios do centro.

Normas:

- Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte.
- Non se permitirá o uso de móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico.